CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

# PROPOSTA Á XGL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE MUROS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DIRIXIDAS A ENTIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2020

MARÍA DOLORES SANTOS MANEIRO (1 para 1)
PEDAGOGA
Data de Sinatura: 13/11/2020
HASH: e3387ec710fc1b7b1a2a03028b99d1ae

**Expedientes:** TEDeC2020/A002/000002 e GESTIONA 598/2020

**Procedemento:.** Concesión de subvencións do Concello de Muros, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais no ano 2020

**Asunto:** Proposta á Xunta de Goberno Local de concesión de subvencións convocadas polo Concello de Muros, en réxime concorrencia competitiva, dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais no ano 2020

Visto que tanto as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais do Concello de Muros, aprobadas polo Pleno da corporación celebrado o 25 de abril de 2019, e publicadas no BOP número 138, de 23 de xullo de 2019, e a convocatoria de concesión das mesmas, publicada no BOP número 134, de 20 de agosto de 2020, establecen un prazo de xustificación das subvencións concedidas que finaliza o 15 de novembro de 2020, sendo imposible que dita xustificación se realice no prazo indicado nas bases reguladoras e especificas, dado que as circunstancias excepcionais provocadas pola Covid 19 non se ten producido aínda a concesión das subvencións polo órgano competente, e a vista de que polo principio de anualidade as mesmas deben estar en todo caso xustificadas antes do día 31 de decembro do exercicio.

Visto que o órgano concedente, de acordo co disposto no artigo 70 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, permite conceder a ampliación do prazo de xustificación, que non excedera da metade do mesmo, e sempre que con elo non se prexudique dereitos a terceiros

Vista a acta da comisión de avaliación de data 11/11/2020 que propón a concesión de subvencións ás seguintes entidades e polos importes que se indican:

| ENTIDADE | Programa para o que solicita a axuda | SUBVENCIÓN A CONCEDER |
|---|---|---|
| A.DIS.BIS.MUR. | Taller de teatro e musicoterapia | 1335 € |
| ASOCIACIÓN CULTURAL MAR DE MUROS | Restauración e reparacóns embarcacións tradicionais | 1275 € |

Cod. Validación: 56FQK6S56PJCJZGSNR9ZXYGLF | Corrección: https://muros.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

| | | |
|---|---|---|
| ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA XIMIELA | Clases de baile e música tradicional | 1170 € |
| SOCIEDADE CULTURAL MONTE LOURO | Clases de canto Coral | 1125 € |
| ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A OSTREIRA | Mantemento anual Galeón | 1100 € |
| ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL ECLIPSE | Actividades de música e baile tradicional-vestiario | 1020 € |
| CORAL DON DIEGO DE MUROS | Actividades de ensaio | 905 € |
| CORAL SAN XOÁN DE SERRES | Festival-encontro de Panxoliñas | 753 € |
| A.C.R. PONTEVELLA | Sábados Interxeracionais | 486 € |

Visto todo o anterior, e unha vez conste no expediente informe realizado pola intervención municipal de fiscalización e conformidade, propoño ó órgano competente para a concesións da subvencións, XGL de acordo co disposto no artigo 8 das bases específicas da convocatoria a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Conceder as subvencións do Concello de Muros, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais no ano 2020, para as seguintes entidades e polos seguintes importes:

| ENTIDADE | Programa para o que solicita a axuda | SUBVENCIÓN A CONCEDER | CONTÍA A XUSTIFICAR |
|---|---|---|---|
| A.DIS.BIS.MUR. | Taller de teatro e musicoterapia | 1335 € | 1735,50 € |
| ASOCIACIÓN CULTURAL MAR DE MUROS | Restauración e reparacóns embarcacións tradicionais | 1275 € | 1402,50 € |
| ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA XIMIELA | Clases de baile e música tradicional | | |



Cod. Validación: 56FQK6S56PJCJZGSNR9ZXYGLF | Corrección: https://muros.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 1170 € | 1521,00 € |
| SOCIEDADE CULTURAL MONTE LOURO | Clases de canto Coral | 1125 € | 1462,50 € |
| ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A OSTREIRA | Mantemento anual Galeón | 1100 € | 1265,00 € |
| ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL ECLIPSE | Actividades de música e baile tradicional-vestiario | 1020 € | 1122,00 € |
| CORAL DON DIEGO DE MUROS | Actividades de ensaio | 905 € | 995,50 € |
| CORAL SAN XOÁN DE SERRES | Festival-encontro de Panxoliñas | 753 € | 828,30 € |
| A.C.R. PONTEVELLA | Sábados Interxeracionais | 486 € | 534,60 € |

**SEGUNDO.** Ampliar o prazo de xustificación das subvencións pola demora excepcional provocada na tramitación do procedemento, concretamente, debido a forza maior (COVID 19) ata o día 30 de novembro de 2020.

**TERCEIRO.** Notificar ás entidades interesadas a resolución da Xunta de Goberno Local a este respecto, cos recursos pertinentes advertíndolle a cada entidade para que na documentación de xustificación se inclúan os certificados de atoparse ao día nas obrigas tributarias e coa seguridade social así como toda aquela documentación exixible na base da convocatoria

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal e Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre

María Dolores Santos Maneiro, Órgano instrutor. Documento asinado dixitalmente á



Cod. Validación: 56FQK6S56PJCJZGSNR9ZXYGLF | Corrección: https://muros.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

marxe.

Cod. Validación: 56FQK6S56PJCJZGSNR9ZXYGLF | Corrección: https://muros.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4